



Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

**CPR. QUIÑONES DE LEÓN** – B36609444

Travesía de Vigo 36 – Vigo (36206)

986278089

[cpr.quinones.leon@edu.xunta.gal](mailto:cpr.quinones.leon@edu.xunta.gal)

quinonesdeleon.es

---

Prezados pais/nais:

Como todos os anos, os mestres de Educación Infantil queremos darvos a benvida a este novo curso.

Este ano o comezo das clases será o xoves 8 de setembro no seu horario habitual, de 9:10 a 14:10 h.

O vindeiro martes día 13 de setembro convocarase unha reunión de familias e titores ás 18:00 h.

Esperamos a vosa asistencia.

Para mellorar e favorecer a estadia dos nenos e nenas na etapa de Educación Infantil, rogamos a vosa colaboración no respecto das seguintes normas:

- Prégase ás persoas encargadas de traelos e recollelos que o fagan con **puntualidade** e que sexan recollidos sempre, ou na medida do posible, pola mesma persoa. De non ser así, deberá notificarse e autorizarse previamente por escrito. Asemade, deberase entregar cuberto o documento que se adxunta na maior brevidade posible facendo constar nome, apelidos e DNI das persoas autorizadas.
- As titorías faranse os martes de 16:30 a 17:30, previa cita. A comunicación coas familias será a través da aplicación AbalarMóbil. Pregamos que a teñan instalada canto antes.
- Os nenos e nenas deberán traer á clase **ROUPA CÓMODA** que poidan poñer e quitar sós con facilidade. Non poderán traer cinto, tirantes, nin pantalón de peto. O **CALZADO DEBE TER VELCRO PARA PECHAR, NON CORDÓNS.**
- Os nenos e nenas de Educación Infantil de 3 anos deberán traer unha muda de roupa completa (incluíndo calcetíns e calzado) e un paquete de toallíñas que permanecerá na aula para poder cambialos se fose necesario.
- A mochila debe ser axeitada ao tamaño do neno (non deberá exceder dos 30x30 cm.) e non poderá ter rodas. Diariamente o neno traerá na mochila, unha botella pequena de auga con **dispensador** e unha toalla pequena. Todo elo con nome e as iniciais dos apelidos.
- **PREGAMOS QUE LLE POÑADES O NOME A TODAS AS COUSAS QUE O NENO OU NENA TRAIÁ Ó CENTRO,** como a roupa de abrigo, mandilón, mochila, muda...para poder identificalas facilmente e evitar perdascarné ou confusións. Ademais a roupa que sexa para colgar ten que levar unha cinta cosida.

- **O luns 12 de setembro, pregamos que estean todos os libros (os tres trimestres) e o material escolar no centro. Non so tedes que pór o nome na carpeta, senón en todo o material que hai dentro dela.**
  - Os nenos e nenas non poderán traer xoguetes nin paraugas ao centro. Prégase que non traian pulseiras ou aneis porque poden perdelos.
  - Os venres, levarán o mandilón para lavar na casa e deberán traelo cada luns.
  - Deberán traer 2 fotos de carnet (independentemente das entregadas na secretaría) para actividades nas aulas. Preferiblemente antes do 12 de setembro.
  - O día de Psicomotricidade os nenos e nenas deberán traer o chándal do colexio e zapatillas deportivas con VELCRO. Dito chándal pode mercarse en Brais Sport (Sanjurjo Badía, enfrente de Xesuítas). O horario de Psicomotricidade concretarémolo proximamente. O chándal terán que traelo tamén cando fagamos algunha saída.
  - Calendario de merendas é o seguinte. Pregámosvos que o respectedes:
    - Luns: bocadillo
    - Martes: froita (pelada)
    - Mércores: lácteos
    - Xoves: froita (pelada)
    - Venres: libre
  - Aniversarios: o último venres de cada mes celebraremos os aniversarios do alumnado de infantil que cumpren nese mes. A celebración será sinxela e correrá ao cargo do cole. So se permitirá repartir invitacións se é para a clase completa.
  - Como fixemos nos últimos anos, o equipo de Educación Infantil pon a vosa disposición o blog de leonciños para que vexades algunhas das actividades que realizamos cos vosos nenos e nenas durante o curso.
 

<http://leoncinis.blogspot.com.es>
  - Animámosvos a visitar con asiduidade a páxina web do cole ([www.quinonesdeleon.es](http://www.quinonesdeleon.es)), xa que nela aparece información e posts de actividades das diferentes etapas educativas. Quedamos á vosa disposición para o que queirades, e agardamos a vosa colaboración. Un saúdo.
- Os mestres de Educación Infantil.
- 3 anos: Marga [marga.infantil.quinones@gmail.com](mailto:marga.infantil.quinones@gmail.com)
- 4 anos: Jose [jose.infantil.quinones@gmail.com](mailto:jose.infantil.quinones@gmail.com)
- 5 anos: María [maria.infantil.quinones@gmail.com](mailto:maria.infantil.quinones@gmail.com)